

LINGUA GALEGA 4º: USAMOS AS DEFINICIÓNS



Seguro que vos lembrades que o tema número 7 do noso libro falaba das definicións. DEFINIR é dicir dunha maneira moi clara o que é unha cousa ou o que significa. Igualmente lembraredes que o libro nos daba unhas pistas para aprender a definir.

Nesta ficha nós queremos convidarvos a definir cada unha das cousas que aí vedes. Para darvos unha axudiña imos nós a elixir unha peza da imaxe como exemplo:

DEFINICIÓ DE PANO: O pano é unha peza de vestir. Utilízase para cubrir e protexer o pescozo.

Como sempre, podedes imprimir a ficha ou facela na libretiña. Agora tócalos a vós definir cada un dos obxectos que faltan da imaxe:

*Complementos da muller: zapatos de tacón, bolso, sombreiro, moedeiro e cinto.

*Roupa e complementos do home: pantalón, camisa e zapatos de cordóns.

AGORA SE VOS PARECE IMOS FACER AO REVÉS: adiviña a que corresponden estas definicións:

***Definición 1:** Vestimenta para durmir composta de camiseta e pantalón. -----

***Definición 2:** Calzado que cobre o pé e parte da perna. -----

***Definición 3:** Calzado deportivo para xogar ao tenis ou practicar calquera deporte.-----

***Definición 4:** Sombreiro de muller de aba ancha e flexible que se soe ver nas bodas-----

***Definición 5:** É unha xoia. Utilízase para adornar o pulso. -----

***Definición 6:** É un obxecto. Utilízase para protexerse da chuvia. -----